

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36014601	IES Álvaro Cunqueiro	Vigo	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Física e química	3º ESO	2	70

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	17
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	24

1. Introducción

O currículo da materia de Física e Química persegue que o alumnado se atope en disposición de desenvolver o pensamento científico, para así enfrontarse aos posibles problemas da sociedade e gozar dun coñecemento máis profundo do mundo que o rodea.

Por esta razón, os obxectivos desta materia inciden en comprender os motivos polos que ocorren os principais fenómenos fisicoquímicos da contorna e en interpretalos en termos das leis e teorías científicas, expresar en forma de preguntas as observacións realizadas, formular hipóteses para explicalas e verificalas, manexar con soltura as regras e normas básicas da física e da química, utilizar de forma crítica e eficiente plataformas tecnolóxicas e recursos variados tanto para a produción individual coma en equipo, utilizar as estratexias propias do traballo colaborativo que permitan potenciar o crecemento entre iguais como base emprendedora dunha comunidade científica crítica, ética e eficiente e entender a ciencia como unha construción colectiva en continuo cambio e evolución.

Respecto da avaliación, os criterios están orientados, con carácter prioritario, no desempeño dos procesos cognitivos asociados ao pensamento científico competencial, para así ir máis alá dunha mera comprobación da memorización de conceptos.

A materia estrutúrase nos que tradicionalmente foron os grandes bloques de coñecemento da física e da química: a materia, a enerxía e o cambio. Ademais, este currículo propón a existencia dun bloque de contidos que fai referencia ás metodoloxías da ciencia e á súa importancia no desenvolvemento desta e que constitúe o eixe metodolóxico da materia, sendo necesario traballalo simultaneamente con cada un dos restantes.

Nese bloque, denominado «As destrezas científicas básicas», establécese, ademais, a relación das ciencias experimentais cunha das súas ferramentas máis potentes, as matemáticas, que ofrecen unha linguaxe de comunicación formal e que inclúen coñecementos, destrezas e actitudes previos do alumnado, xunto con outros que se adquiren ao longo desta etapa educativa. Así mesmo, tamén se incide no papel destacado da muller ao longo da historia da ciencia, como forma de poñelo en valor e de fomentar novas vocacións femininas cara ás ciencias experimentais e cara á tecnoloxía.

No bloque «A materia», englobanse coñecementos básicos sobre a constitución interna das substancias, o que inclúe a descrición da estrutura dos elementos e dos compostos químicos e as propiedades macroscópicas e microscópicas da materia.

No bloque «A enerxía», o alumnado profunda en coñecementos, destrezas e actitudes que adquiriu en 2º de ESO, como as fontes de enerxía e os seus usos prácticos ou os conceptos básicos acerca das formas de enerxía. Inclúense, ademais, saberes relacionados co desenvolvemento social e económico do mundo real e as súas implicacións ambientais.

Por último, o bloque denominado «O cambio» aborda as principais transformacións físicas e químicas dos sistemas materiais e naturais, así como os exemplos máis frecuentes na contorna do alumnado, describindo as súas aplicacións e contribucións á creación dun mundo mellor.

Os 4 bloques repártense en nove unidades didácticas :1.- O traballo científico, 2.- O átomo e o sistema periódico, 3.- Elementos e compostos, 4.- As reaccións químicas, 5.- Formulación e nomenclatura en química inorgánica, 6.- As forzas e os seus efectos, 7.- As leis de Newton, 8.- A corrente eléctrica e 9.- Formas e fontes de enerxía.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e relacionar os motivos polos que ocorren os principais fenómenos fisicoquímicos da contorna, explicándoos en termos das leis e teorías científicas adecuadas para resolver problemas co fin de aplicalas para mellorar a realidade próxima e a calidade da vida humana.	1		1-2-4		4			
OBX2 - Expresar as observacións realizadas polo alumnado en forma de preguntas, formulando hipóteses para explicalas e demostrando estas hipóteses a través da experimentación científica, a indagación e a procura de evidencias, para desenvolver os razoamentos propios do pensamento científico e mellorar as destrezas no uso das metodoloxías científicas.	1-3		1-2	1	4		1	3
OBX3 - Manexar con soltura as regras e as normas básicas da física e da química no referente á linguaxe da IUPAC, á linguaxe matemática, ao emprego de unidades de medida correctas, ao uso seguro do laboratorio e á interpretación e produción de datos e información en diferentes formatos e fontes, para recoñecer o carácter universal e transversal da linguaxe científica e a necesidade dunha comunicación fiable en investigación e ciencia entre diferentes países e culturas.			4-5	3	2	1		2-4
OBX4 - Utilizar de forma crítica, eficiente e segura plataformas dixitais e recursos variados, tanto para o traballo individual coma en equipo, para fomentar a creatividade, o desenvolvemento persoal e a aprendizaxe individual e social, mediante a consulta de información, a creación de materiais e a comunicación efectiva nas diferentes contornas de aprendizaxe.	2-3		4	1-2	3		3	4
OBX5 - Utilizar as estratexias propias do traballo colaborativo, potenciando o crecemento entre iguais como base emprendedora dunha comunidade científica crítica, ética e eficiente, para comprender a importancia da ciencia na mellora da sociedade, as aplicacións e repercusións dos avances científicos, a preservación da saúde e a conservación sostible do medio ambiente.	5	3	3-5	3	3	3	2	
OBX6 - Comprender e valorar a ciencia como unha construción colectiva en continuo cambio e evolución, na que non só participan as persoas dedicadas a ela, senón que tamén require dunha interacción co resto da sociedade, para obter resultados que repercutan no avance tecnolóxico, económico, ambiental e social.			2-5	4	1-4	4		1

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O traballo científico	Esta unidade didáctica tratarémola como secuencial aínda que os seus CA teñen carácter transversal, polo que deberán ser traballados ao longo de todo o curso. Aínda así, enténdese que merece un primeiro tratamento específico no que se incidirá en: - O método científico. Elaboración e confirmación de hipóteses. A argumentación. - O sistema internacional de unidades. - O traballo experimental. Laboratorios e normas de seguridade. Contornos virtuais. Desenvolveranse diferentes experiencias en contornos virtuais que promovan a argumentación na aula.	12	6	X		
2	O átomo e o sistema periódico	Nesta unidade didáctica introdúcese a estrutura atómica da materia, ubicando dentro do átomo ás partículas subatómicas. Tamén se estudará a evolución histórica dos modelos atómicos.	11	8	X		
3	Elementos e compostos	Nesta unidade didáctica estudarase a formación de compostos por medio da formación de enlaces entre átomos.	11	8	X		
4	As reaccións químicas	Nesta unidade introdúcese o estudo dos cambios que experimentan os sistemas materiais centrándose na reacción química. Preséntase unha interpretación macroscópica e microscópica das reaccións químicas facendo fincapé na relación da química co medio ambiente, coa tecnoloxía e coa sociedade. Estudarase a lei de conservación da masa e a lei das proporcións definidas e a súa importancia a efectos de validar o modelo atómico-molecular. Rematarase facendo unha análise dos factores que afectan ás reaccións químicas e a súa importancia na resolución de problemas actuais por parte da ciencia.	11	8		X	
5	Formulación e nomenclatura en química inorgánica	Nesta unidade estudaranse as regras de nomenclatura IUPAC para nomear as substancias inorgánicas máis importantes.	11	8		X	
6	As forzas e os seus efectos	Nesta unidade traballarase o concepto de forza na súa dimensión de modificación do estado de repouso e movemento dos corpos. Tamén se traballará a medida e representación destas forzas.	11	8		X	
7	As leis de Newton	Nesta unidade estudaranse as Leis de Newton, aplicándoas ao estudo da caída dos corpos (forza peso) e á aceleración coa que caen. Tamén se traballará o concepto	11	8			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	As leis de Newton	de forza de rozamento e a Lei da gravitación universal.	11	8			X
8	A corrente eléctrica	Nesta unidade didáctica introdúcese a natureza eléctrica da materia, a electrización dos corpos e a carga eléctrica. Estúdase a corrente eléctrica e a construción de circuitos eléctricos. Así mesmo, traballarase con circuitos eléctricos para obter a lei de Ohm e estudar a asociación de resistencias en serie e en paralelo.	11	8			X
9	Formas e fontes de enerxía	Nesta unidade didáctica faise unha análise das vías de obtención de enerxía eléctrica e abórdase a cuestión do aforro enerxético e a conservación sostible do medio ambiente.	11	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O traballo científico	6

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Seleccionar, de acordo coa natureza das cuestións que se traten, a mellor maneira de comprobar ou refutar as hipóteses formuladas, deseñando estratexias de indagación e procura de evidencias que permitan obter conclusións e respostas axustadas á natureza da pregunta formulada.	Plantexar un procedemento para comprobar ou refutar as hipóteses formuladas, deseñando estratexias de indagación e procura de evidencias que permitan obter conclusións e respostas axustadas á natureza da pregunta formulada.	PE	80
CA1.2 - Aplicar as leis e teorías científicas coñecidas ao formular cuestións e hipóteses sendo coherente co coñecemento científico existente e deseñando os procedementos experimentais ou dedutivos necesarios para resolvelas ou comprobalas.	Aplicar as leis e teorías científicas coñecidas ao formular cuestións e hipóteses, deseñando os procedementos experimentais necesarios para resolvelas ou comprobalas.		
CA1.3 - Utilizar adecuadamente as regras básicas da física e da química, incluído o uso de unidades de medida, así como as ferramentas matemáticas precisas, conseguindo unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica.	Aplicar as regras básicas da física e da química, incluído o uso de unidades de medida, así como as ferramentas matemáticas precisas.		
CA1.8 - Empezar, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen valor para o individuo e para a comunidade.	Empezar de forma guiada proxectos científicos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Recoñecer e valorar, a través da análise histórica dos avances científicos logrados por homes e mulleres de ciencia, que este é un proceso en permanente construción e que existen repercusións mutuas da ciencia actual coa tecnoloxía, coa sociedade e co medio ambiente.	Comprender, a través da análise histórica dos avances científicos, que este é un proceso en permanente construción e que existen repercusións mutuas da ciencia coa tecnoloxía, a sociedade e o medio ambiente.		
CA1.4 - Poñer en práctica as normas de uso dos espazos específicos da ciencia, como os laboratorios de física e química, asegurando a saúde propia e colectiva, a conservación sostible do medio ambiente e o coidado das instalacións.	Poñer en práctica as normas de uso dos espazos específicos da ciencia, como os laboratorios de física e química, asegurando a saúde propia e colectiva, a conservación sostible do medio ambiente e o coidado das instalacións.	TI	20
CA1.5 - Utilizar recursos variados, tradicionais e dixitais, mellorando a aprendizaxe autónoma e a interacción con outros membros da comunidade educativa, con respecto aos docentes e aos estudantes e analizando criticamente as achegas de cada participante.	Utilizar recursos para a aprendizaxe autónoma e a interacción con outros membros da comunidade educativa, analizando as achegas de cada participante.		
CA1.6 - Traballar de forma adecuada e con medios variados, tradicionais e dixitais, na consulta de información e na creación de contidos, seleccionando con criterio as fontes máis fiables e adecuadas mellorando a aprendizaxe propia e colectiva.	Traballar con medios tradicionais e dixitais a consulta de información e a creación de contidos, seleccionando fontes fiables e mellorando a aprendizaxe propia e colectiva.		
CA1.7 - Establecer interaccións construtivas e coeducativas, emprendendo actividades de cooperación e do uso das estratexias propias do traballo colaborativo, como forma de construír un medio de traballo eficiente na ciencia.	Establecer interaccións coeducativas, emprendendo actividades de cooperación e do uso das estratexias de traballo colaborativo para construír un medio de traballo científico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Metodoloxías da investigación científica: identificación e formulación de cuestións, elaboración de hipóteses e comprobación experimental destas. - Traballo experimental e emprendemento de proxectos de investigación: estratexias na resolución de problemas e no desenvolvemento de investigacións mediante a indagación, a dedución, a procura de evidencias e o razoamento lóxico-matemático, facendo inferencias válidas das observacións e obtendo conclusións. - Diversas contornas e recursos de aprendizaxe científica como os laboratorios ou as contornas virtuais: materiais, substancias e ferramentas tecnolóxicas. - Normas de uso de cada espazo, asegurando e protexendo así a saúde propia e comunitaria, a seguridade nas redes e o respecto cara ao medio ambiente. - A linguaxe científica: unidades do sistema internacional de unidades e os seus símbolos. Ferramentas matemáticas básicas en diferentes escenarios científicos e de aprendizaxe. - Estratexias de interpretación e produción de información científica utilizando diferentes formatos e diferentes medios: desenvolvemento do criterio propio baseado no que o pensamento científico chega á mellora da sociedade para facela máis xusta, equitativa e igualitaria. - A cultura científica: o papel de científicos e científicas nos principais fitos históricos e actuais da física e da química no avance e na mellora da sociedade.

UD	Título da UD	Duración
2	O átomo e o sistema periódico	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar e comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa composición e estrutura de sistemas materiais, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Comprender fenómenos fisicoquímicos relevantes relacionados coa composición e estrutura de sistemas materiais, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas.	PE	80
CA2.2 - Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa composición e coa estrutura de sistemas materiais, utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa composición e coa estrutura de sistemas materiais, utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas e expresando adecuadamente os resultados.		
CA2.3 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados con sistemas materiais a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	Empregar as metodoloxías propias da ciencia na descrición de fenómenos relacionados con sistemas materiais e darlles resposta a través do razoamento lóxico-matemático.		
CA2.6 - Recoñecer e valorar, a través da análise histórica do desenvolvemento do modelo atómico e da ordenación de elementos na táboa, que a ciencia é un proceso en permanente construción.	Coñecer o desenvolvemento do modelo atómico e da ordenación de elementos na táboa periódica.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estrutura atómica: desenvolvemento histórico dos modelos atómicos, existencia, formación e propiedades dos isótopos e ordenación dos elementos na táboa periódica.

UD	Título da UD	Duración
3	Elementos e compostos	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa á composición e estrutura de sistemas materiais, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	Interpretar información relativa á composición e estrutura de sistemas materiais, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Principais compostos químicos: a súa formación e as súas propiedades físicas e químicas, valoración das súas aplicacións. Masa atómica e masa molecular.

UD	Título da UD	Duración
4	As reaccións químicas	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa aos cambios físicos e químicos dun proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	Interpretar información relativa aos cambios físicos e químicos dun proceso fisicoquímico concreto para a resolución dun problema.	PE	80
CA4.3 - Recoñecer na contorna inmediata situacións problemáticas reais relacionadas fundamentalmente cos cambios químicos e describilas, así como emprender iniciativas nas que a física e a química poden contribuír á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade.	Describir situacións nas que se observan cambios químicos, identificando aquelas que teñen impacto na sociedade.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Os sistemas materiais: análise dos diferentes tipos de cambios que experimentan relacionando as causas que os producen coas consecuencias que teñen.
- Interpretación macroscópica e microscópica das reaccións químicas: explicación das relacións da química co medio ambiente, coa tecnoloxía e coa sociedade.
- Lei de conservación da masa e lei das proporcións definidas: aplicación destas leis como evidencias experimentais que permiten validar o modelo atómico-molecular da materia.
- Factores que afectan as reaccións químicas: predición cualitativa da evolución das reaccións, entendendo a súa importancia na resolución de problemas actuais por parte da ciencia.

UD	Título da UD	Duración
5	Formulación e nomenclatura en química inorgánica	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Utilizar adecuadamente os símbolos dos elementos químicos e as fórmulas das substancias máis importantes, as regras de formulación e nomenclatura, facilitando unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica.	Utilizar os símbolos dos elementos químicos, as fórmulas das substancias máis importantes e as regras de formulación e nomenclatura inorgánica.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Nomenclatura: participación dunha linguaxe científica común e universal formulando e nomeando substancias simples, ións monoatómicos e compostos binarios mediante as regras de nomenclatura da IUPAC.

UD	Título da UD	Duración
6	As forzas e os seus efectos	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Resolver problemas sobre cambios fisicoquímicos utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolver problemas sobre cambios fisicoquímicos utilizando leis e teorías científicas e expresando os resultados coas unidades adecuadas.	PE	80
CA4.4 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de cambios físicos e químicos a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	Identificación de cambios físicos e químicos aos que se pode dar resposta a través da do razoamento lóxico-matemático.		
CA4.6 - Empezar, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos respecto a cambios físicos e químicos que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen un valor individual e colectivo.	Empezar de forma guiada proxectos científicos respecto a cambios físicos e químicos.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Os sistemas materiais: análise dos diferentes tipos de cambios que experimentan relacionando as causas que os producen coas consecuencias que teñen.

UD	Título da UD	Duración
7	As leis de Newton	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Resolver problemas sobre cambios fisicoquímicos utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolver problemas sobre cambios fisicoquímicos utilizando leis e teorías científicas e expresando os resultados coas unidades adecuadas.	TI	100
CA4.4 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de cambios físicos e químicos a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	Identificación de cambios físicos e químicos aos que se pode dar resposta a través da do razoamento lóxico-matemático.		
CA4.6 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos respecto a cambios físicos e químicos que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen un valor individual e colectivo.	Emprender de forma guiada proxectos científicos respecto a cambios físicos e químicos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Os sistemas materiais: análise dos diferentes tipos de cambios que experimentan relacionando as causas que os producen coas consecuencias que teñen.

UD	Título da UD	Duración
8	A corrente eléctrica	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Identificar e comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Identificar fenómenos fisicoquímicos relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía relacionándoos cos principios, teorías e leis científicas adecuadas.	PE	80
CA3.2 - Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, e expresando os resultados coas unidades adecuadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa á natureza eléctrica da materia e da enerxía nun proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	Interpretar información relativa á natureza eléctrica da materia e da enerxía nun proceso fisicoquímico concreto, extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.		
CA4.1 - Identificar e comprender os cambios físicos e químicos cotiáns relevantes relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Identificar cambios físicos e químicos cotiáns relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas.		
CA3.4 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados coa natureza eléctrica da materia e coa enerxía a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	Empregar as metodoloxías propias da ciencia e o razoamento lóxico-matemático na descrición de fenómenos relacionados coa natureza eléctrica da materia e coa enerxía.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Natureza eléctrica da materia: electrización dos corpos. - Enerxía eléctrica: obtención. Circuitos eléctricos. - Os sistemas materiais: análise dos diferentes tipos de cambios que experimentan relacionando as causas que os producen coas consecuencias que teñen.

UD	Título da UD	Duración
9	Formas e fontes de enerxía	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Recoñecer na contorna inmediata situacións problemáticas reais na obtención de enerxía eléctrica e describilas, así como emprender iniciativas nas que a física e a química poden contribuir á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade.	Recoñecer e describir o impacto de situacións problemáticas na obtención de enerxía eléctrica, identificando de que xeito a física e a química poden contribuir á súa solución.	PE	80
CA3.6 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos en canto á enerxía que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen un valor individual e colectivo.	Emprender de forma guiada proxectos científicos en canto á enerxía.	TI	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Detectar na contorna as necesidades tecnolóxicas, ambientais, económicas e sociais máis importantes que demanda a sociedade, entendendo a capacidade da ciencia para darlles solución sostible a través da implicación de todos os cidadáns.	Detectar na contorna as necesidades tecnolóxicas, ambientais, económicas e sociais máis importantes que demanda a sociedade, e a capacidade da ciencia para darlles solución sostible.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O aforro enerxético e a conservación sostible do medio ambiente.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica neste etapa será variada, nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

Procurarase o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo.

En cada curso fixaranse as estratexias que que permitan alcanzar os estándares de aprendizaxe avaliábeis previstos , así como a adquisición das competencias.

Terase en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Poñeranse en práctica o mecanismos de reforzo, tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe.

Prestarase unha atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias, e fomentarse a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas. De acordo co disposto no artigo 24.6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias.

Coa finalidade de promover a comprensión de lectura e de uso da información, dedicarase un tempo á lectura na práctica docente de todas as materias na ESO.

Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

Procurarase que o alumno adopte hábitos de traballo individual rigoroso e comprometido consigo mesmo, cambiando o traballo baixo vixilancia do profesor por unha responsabilización respecto á propia aprendizaxe.

As estratexias metodolóxicas que se propoñen para desenvolver o currículo desta materia son as seguintes:

- Partir, sempre que sexa posible, de experiencias vivenciais, e de problemas reais, para espertar o interese do alumnado
- Expositiva: explicación oral do tema na aula co seu desenrolo matemático no taboleiro, subliñando os aspectos fundamentais ou os que puidesen ofrecer mais problemas ou dificultades o alumnado.
- Formular preguntas individuais ou o grupo enteiro, fomentando así a participación e comprobando a asimilación ou posibles enfoques non axeitados dos temas.
- Resolución de cuestións e exercicios numéricos con dificultade progresiva.

- Desenvolgar experiencias sinxelas no laboratorio en grupos ou polo profesor.
- Elaboración de traballos monográficos polos alumnos.
- Empregar o maior número de recursos posibles: laboratorio, canón de vídeo, aula de informática,..

Outras actividades:

- Proxección de vídeos ou diapositivas.
- Lectura e comentario de textos ou artigos de interese relacionados coa física ou coa química e en xeral coa actividade científica.
- Uso de aplicacións virtuais interactivas para realizar experiencias prácticas que non serían posible realizar por as limitacións dos nosos laboratorios.
- Empregaranse a aula virtual con todo o alumnado. E de xeito especial nos supostos de educación a distancia, cando menos, co alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería.
- No caso de actividade lectiva non presencial. Metodoloxía variada intentando facilitar a participación de todo o alumnado. Emprego da aula virtual de Física e Química onde o alumnado está matriculado por cursos e dispón de presentacións de temas, exercicios resoltos, enlaces a páxinas web e onde terán tarefas, actividades e probas escritas de ser necesario. Nesta fase non presencial con explicacións a través da aplicación Cisco Webex, tamén a través de vídeos, con pautas a través da aula virtual onde teñen materiais e recursos. Tamén se empregará o correo electrónico para que podan comentar co/a profesor/a de xeito individual ou problemas cos que se atopan.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais e recursos didácticos para a materia de Física e química en 3º curso da ESO

Materiais:

- Libro de texto da editorial OXFORD. 2022. ISBN: 978-01-90-547-110
- Libreta non compartida con outra materia, a poder ser con folla cuadriculada
- Calculadora

Recursos didácticos:

- Aula virtual do Departamento de Física e Química do instituto, onde o alumnado pode encontrar presentacións, exercicios resoltos, enlaces....
- Ordenador de aula e canón de vídeo, permiten visualizar modelos ou animacións que emulan fenómenos físicos de imposible realización nos laboratorios escolares, e dispor de actividades ou prácticas interactivas.
- Experiencias de Laboratorio: as experiencias realizadas en grupo, teñen unha forte carga motivadora, explicativa, comprensiva, e contribúen a desenvolver as actitudes propias da ciencia: curiosidade, colaboración, coidado, precisión, planificación, deseño.
- Experiencias de cátedra
- Realización de visitas didácticas a museos de ciencias, feiras, exposicións, plantas industriais ou laboratorios

profesionais, onde será posible ben recrear fenómenos de interese científico ou ben comprobar in situ a posta en práctica dos procesos físicos e químicos estudados.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de cada unidade didáctica faranse actividades de exploración de coñecementos iniciais e ideas previas. Procurarase que ditas actividades sexan diferentes en cada UD así como abertas en canto a dar cabida a que afloren novas ideas, exemplos e situacións relacionadas co tema por parte do alumnado. Estas actividades levaranse a cabo promovendo a participación activa de todo o alumnado. Terán por obxectivo que recorden e recompilen os coñecementos adquiridos noutras etapas académicas noutros ámbitos educativos a fin de darlle a coñecer ao profesor a base da que parte en xeral.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	11	11	11	11	11	11	11	11	100
Proba escrita	80	80	100	80	100	80	0	80	80	76
Táboa de indicadores	20	20	0	20	0	20	100	20	20	24

Criterios de cualificación:

- Repártese o curso en tres avaliacións independentes
 - Faranse dúas probas escritas por avaliación. En principio, as dúas probas pesarán o mesmo (a non ser que por algunha circunstancia se teña que mover unha proba e entre nesa proba mais ou menos materia da programada inicialmente). Se ao longo da avaliación se detectan dificultades nalgunha das partes poderíase desdobrar unha das probas. Cando se faga mais de dúas proba indicárase o porcentaxe de cada unha na nota. No caso de que a ponderación se cambie, o alumnado será avisado con antelación. Farase unha media ponderada das notas das dúas probas sempre que nas dúas probas se teña acadado polo menos un 3. Esta media ponderada das probas escritas contabilizará o 80% da cualificación de cada trimestre.
 - En todas as probas escritas (exames) avaliarase o nivel de coñecementos que o alumna/o posúa e terase en conta na cualificación da proba o plantexamento dos exercicios, toma de datos, resolución (operacións matemáticas) e expresión clara dos resultados (coas unidades) dos exercicios que se propoñan e o coñecemento e emprego correcto do vocabulario científico. É condición indispensable para acadar avaliación positiva a realización dos exercicios seguindo os procedementos descritos en clase.
 - O 20% restante da calificación constituirá a revisión de actividades e observación directa:
- Revisión de actividades:
- Controis das tarefas realizadas na aula, cando se considere necesario.
 - Controis periódicos das tarefas realizadas na casa.
 - Informes e/ou cuestionarios de laboratorio.
 - Caderno de clase dixital (farase o seu seguimento a través da Aula Virtual).
 - Traballos experimentais individuais ou en grupo.
 - Valorarase a capacidade para utilizar de xeito autónomo a información dispoñible e a competencia para elaborar algún informe sinxelo sobre un tema no que se estea traballando.

Observación directa:

- Tarefas realizadas na actividade diaria da clase.
- Puntualidade na entrega de traballos e outras tarefas encomendadas.
- Interese e participación nas actividades diarias da clase.
- Disposición para o traballo.
- Tarefas desenvolvidas no laboratorio, valorando a súa destreza, a orde e a súa capacidade para utilizar de xeito autónomo a información dispoñible.

Para acadar unha avaliación positiva na correspondente avaliación deberase acadar unha nota igual ou superior a 5,0 unha vez aplicadas as porcentaxes de cada parte.

O redondeo á alza non se aplicará na 1ª avaliación. Nas seguintes avaliacións aplicarase sempre que a parte decimal (a décima de punto) sexa igual ou superior a 5 e a progresión do alumno/a en cuestión fose ascendente ao longo da avaliación, respecto a anterior, ou ao longo do curso (no caso da nota final). De non ser así, a nota será a parte enteira da media aritmética.

Unha vez chegue a 3ª avaliación, están aprobados aqueles alumnos/as que teñan aprobadas as tres avaliacións ou as súas correspondentes recuperacións.

En caso de non aprobar a materia unha vez realizada a recuperación da 3ª avaliación o alumnado suspenso terá a posibilidade de realizar unha proba escrita final das partes que non superar da materia. Esta proba tamén será accesible para o alumnado que teña aprobado a materia despois da 3ª avaliación.

A nota da materia na avaliación ordinaria será:

- No caso do alumnado que aprobou as tres avaliacións ou as correspondentes recuperacións: a media aritmética das notas medias (se é o caso modificadas pola existencia de probas de recuperación) das tres avaliacións.
- No caso do alumnado que, tendo aprobada a materia, se presentou a subir nota e non conseguiu subila nota: a media aritmética das notas medias (se é o caso modificadas pola existencia de probas de recuperación) das tres avaliacións.
- No caso do alumnado que non aprobou a materia despois da 3ª avaliación:
 - a) Suspendeu as tres avaliacións: o resultado da suma do 80% da nota da proba escrita mais o 20% da nota acadada ao longo do curso na parte de "revisión de actividades e observación directa" .
 - b) Suspendeu dúas ou unha avaliación: a media aritmética das notas da(s) avaliación(s) aprobada(s) e a nota que queda na avaliación(s) a recuperar unha vez aplicadas as porcentaxes especificadas no subapartado anterior.

Criterios de recuperación:

Despois de cada unha das avaliacións, pasado un tempo prudencial no que o alumnado que non aprobou poida realizar as actividades de reforzo, realizarase unha proba de recuperación para o alumnado que non acadara 5 puntos sobre 10 na avaliación.

A nota que acade na avaliación será o 80% da nota desa proba escrita mais o 20% da nota acadada ao longo do trimestre na parte de "revisión de actividades e observación directa" . Novamente, para poderse dar por recuperada a avaliación, debe acadar unha vez aplicadas as porcentaxes de cada parte unha nota igual ou superior a 5,0.

Unha vez remate a 3ª avaliación, están aprobados aqueles alumnos/as que teñan aprobadas as tres avaliacións ou as súas correspondentes recuperacións.

En caso de non aprobar a materia unha vez realizada a recuperación da 3ª avaliación o alumnado suspenso terá a posibilidade de realizar unha proba escrita final das partes que non superar da materia. Esta proba tamén será accesible para o alumnado que teña aprobado a materia despois da 3ª avaliación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Programa de reforzo para a recuperación da materia pendente de cursos anteriores:

Os Contidos esixibles e estándares de aprendizaxe son os desenvolvidos o curso pasado e constan na Programación Didáctica do curso 2021/2022 e que figuran no apartado 3.2 da presente programación. O alumnado pode consultar estes contidos na Aula Virtual da materia e na páxina web do centro .

O alumnado que ten pendente a Física e Química de 3º ESO seguirá un programa de reforzo. O Departamento de Física e Química, neste caso o/a profesor/a que imparta clase a ese alumno, facilitaralle actividades representativas e orientativas da materia pendente, periodicamente ao longo de cada avaliación. Estas actividades terán que entregarlles (enviar a través da aula virtual) a dito profesor/a para poder seguir a súa evolución e este as corraxirá. No caso de que teñan dificultades ou dúbidas estas resolveranse por dito/a profesor/a. Toda esta tarefa será coordinada pola xefa de departamento. No caso do alumnado que non cursa en 4º ESO Física e química encargarase a xefa de departamento do seu seguimento.

Agruparase en dous traballos ao longo do curso divididos en temas, procurando asignarlles bloques completos da materia pendente, ou polo menos de contidos semellantes. Este traballo consistirá nunha serie de exercicios e problemas sobre os contidos, estándares de aprendizaxe de 3º ESO do curso pasado, 2021-22. Deberán realizar e entregar nas datas que se indiquen. Despois da última entrega realizarán unha proba escrita na que se propondrá que realicen uns exercicios e problemas semellantes aos do traballo correspondente.

Criterios de cualificación para superar as materias pendentes:

Teranse en conta as actividades relativas aos contidos de cada avaliación e a proba escrita. Para aprobar e necesario realizar as actividades e a proba escrita. As actividades suporán un 30% da nota e a proba escrita un 70%. No caso de non aprobar, deberá realizar unha proba escrita final

As datas dos exames serán:

- 1º exame a finais de xaneiro
- 2º exame a mediados de abril
- Exame final, na data establecida pola xefatura de estudos
- Exame extraordinario, na data establecida pola xefatura de estudos

As datas indicaranse coa suficiente antelación e coordinaranse coa xefatura de estudos.

O departamento decidirá colexiadamente sobre a cualificación daqueles alumnos que, seguindo o plan de traballo, non superaran algunha das probas, pero que, a xuízo do seu profesor ou profesora, mostraron unha actitude positiva e unha mellora dos seus coñecementos e destrezas.

6. Medidas de atención á diversidade

O tratamento da diversidade debe producirse desde o momento da detección dos distintos niveis de coñecementos e actitudes dos alumnos. Por iso, a atención á diversidade debe converterse nun aspecto característico da práctica docente diaria e que no departamento contemplarase a dous niveis: na metodoloxía e nos materiais.

Atención á diversidade na metodoloxía:

No mesmo momento en que se inicia o proceso educativo, comezan a manifestarse diferenzas entre o alumnado. A falta de comprensión dun contido de física ou química pode ser debida, entre outras causas, a que os conceptos ou procedementos sexan demasiado difíciles para o nivel de desenvolvemento científico do alumno, ou a que se avanza con demasiada rapidez, e non dá tempo unha adecuada comprensión. Debido a este feito organizaranse as actividades e problemas en actividades de consolidación, reforzo e ampliación, nas que poidan traballar ou afondar os alumnos menos ou máis adiantados. Nin tódolos alumnos deben realizar tódalas actividades, nin estas teñen que ser sempre as mesmas para todos. As actividades abertas posibilitan o afondamento nas mesmas, segundo o grao de desenvolvemento intelectual, a capacidade persoal e os coñecementos de cada un.

Por tanto, cada unidade didáctica incluírá un gran número de actividades, con niveis de dificultade diferente, que permita unha selección axustada ás necesidades de cada alumno.

Atención á diversidade nos materiais utilizados:

A selección dos materiais utilizados na aula ten unha gran importancia á hora de atender ás diferenzas individuais no conxunto de alumnos.

Utilizaranse materiais e recursos didácticos variados co fin de atender á diversidade da aula. Así, ben a partir de informacións escritas, a manipulación de obxectos, a visualización ou ás novas tecnoloxías poderemos facer chegar os coñecementos dunha maneira comprensiva ós alumnos. Canta máis variedades de medios manexemos a máis alumnos poderemos chegar. Porén, deberemos de recordar que estes materiais deben ser sempre moi ben escollidos porque non poden deixar de ser un medio e non un fin para a adquisición de novas aprendizaxes e coñecementos.

Prestarase una atención especial ao alumnado repetidor seguindo as pautas do plan de atención a diversidade do noso centro e poñéndonos de acordo sobre as necesidades ou as dificultades de ditos alumnos/as co titor ou titora do grupo e o resto do equipo docente.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora e expresión escrita, mediante a busca de información (textos, gráficas, táboas) e a súa posterior presentación. Terá especial interese a presentación das prácticas de laboratorio e dos exercicios de argumentación, que seguirán as formas das publicacións científicas. Este elemento está relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.6.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Competencia dixital, mediante o uso da aula virtual, a produción de informes ou a presentación de proxectos empregando procesadores de texto e programas de presentación, respectivamente, a busca de información en internet, ou as aplicacións interactivas sobre formulación e similares. Este elemento está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.5 e CA1.6.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
<p>ET.3 - Emprendemento, especialmente no deseño de experiencias e proxectos de investigación, así como na proposta de hipóteses e a comprobación destas, na proposta de accións de mellora na sociedade, na capacidade de liderado do grupo... Este elemento está relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.1 e CA1.8.</p>	X	X	X	X	X	X	X	X
<p>ET.4 - O fomento do espírito crítico e científico é consubstancial á materia e trabállase na totalidade desta, especialmente nos exercicios de argumentación fronte a distintos enunciados a partir das probas dispoñibles. Este elemento transversal está directamente relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.1.</p>	X	X	X	X	X	X	X	X
<p>ET.5 - Educación emocional e en valores, mediante a relación entre os membros da comunidade educativa, atendendo ao alumnado desde a empatía e a comprensión, fomentando o respecto nas actuacións que se leven a cabo, chegando a acordos, co cumprimento das normas, deseñando e desenvolvendo protocolos de resolución de conflitos... Está relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.7 -</p>	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.6 - Igualdade de xénero, no día a día mediante o trato igualitario entre os membros da comunidade educativa independentemente do seu xénero e establecendo interaccións coeducativas en consonancia co criterio de avaliación CA1.7. A linguaxe será non sexista e coidarase, neste aspecto, a redacción e selección dos textos. Subliñar a contribución das mulleres á ciencia e concretamente facelo no CA1.9 .	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Á creatividade élle de aplicación o indicado para o fomento do espírito crítico e científico e para o emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora e expresión escrita, mediante a busca de información (textos, gráficas, táboas) e a súa posterior presentación. Terá especial interese a presentación das prácticas de laboratorio e dos exercicios de argumentación, que seguirán as formas das publicacións científicas. Este elemento está relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.6.	X
ET.2 - Competencia dixital, mediante o uso da aula virtual, a produción de informes ou a presentación de proxectos empregando procesadores de texto e programas de presentación, respectivamente, a busca de información en internet, ou as aplicacións interactivas sobre formulación e similares. Este elemento está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.5 e CA1.6.	X

	UD 9
<p>ET.3 - Emprendemento, especialmente no deseño de experiencias e proxectos de investigación, así como na proposta de hipóteses e a comprobación destas, na proposta de accións de mellora na sociedade, na capacidade de liderado do grupo... Este elemento está relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.1 e CA1.8.</p>	X
<p>ET.4 - O fomento do espírito crítico e científico é consubstancial á materia e trabállase na totalidade desta, especialmente nos exercicios de argumentación fronte a distintos enunciados a partir das probas dispoñibles. Este elemento transversal está directamente relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.1.</p>	X
<p>ET.5 - Educación emocional e en valores, mediante a relación entre os membros da comunidade educativa, atendendo ao alumnado desde a empatía e a comprensión, fomentando o respecto nas actuacións que se leven a cabo, chegando a acordos, co cumprimento das normas, deseñando e desenvolvendo protocolos de resolución de conflitos... Está relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.7 -</p>	X

	UD 9
ET.6 - Igualdade de xénero, no día a día mediante o trato igualitario entre os membros da comunidade educativa independentemente do seu xénero e establecendo interaccións coeducativas en consonancia co criterio de avaliación CA1.7. A linguaxe será non sexista e coidarase, neste aspecto, a redacción e selección dos textos. Subliñar a contribución das mulleres á ciencia e concretamente facelo no CA1.9 .	X
ET.7 - Á creatividade élle de aplicación o indicado para o fomento do espírito crítico e científico e para o emprendemento.	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Clube de Ciencia	Actividade extraescolar ofertada para todo aquel alumnado interesado en complementar a súa formación científica con talleres e actividades variadas ao longo do curso
Visita á casa das Ciencias	Visita á casa das Ciencias de A Coruña, Aquario Finisterrae e Museo do Home, en colaboración co departamento de Bioloxía e Xeoloxía Naturais.

Observacións:

O departamento de Física e Química este curso estará pendente da posibilidade de realizar actividades extraescolares como se viñan realizando anos anteriores. Se é posible:

- Visita á casa das Ciencias de A Coruña, Aquario Finisterrae e Museo do Home, en colaboración co departamento de Bioloxía e Xeoloxía Naturais. .
- Estaremos pendentes das actividades que se oferten relacionadas coa nosa materia.
- Clube de ciencia

A organización destas actividades así como a concreción dos grupos de alumnos participantes e dos profesores acompañantes levarase a cabo polo departamento no momento en que estas actividades se oferten e de ser posible no primeiro trimestre do curso.

Na selección do alumnado terase en conta o seu comportamento e actitude de cara a materia e en caso de no ser os axeitados non se lle permitira participar nestas actividades seguindo o criterio do profesor/a que lle imparte clase.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Respectouse a distribución temporal dos contidos por avaliacións; Aplicouse a metodoloxía didáctica programada; Tivéronse en conta os coñecementos e aprendizaxes básicos necesarios para aprobar a materia; Aplicáronse os procedementos de avaliación programados e axustáronse aos criterios de cualificación; Leváronse a cabo as actividades de recuperación de materias pendentes de cursos anteriores; Puxéronse en practica medidas para estimular o interese e o habito da lectura e a capacidade de expresarse correctamente; Utilizáronse os materiais e recursos didácticos programados; Realizáronse as actividades complementarias e extraescolares programadas.

Descrición:

Velaremos polo axuste e calidade da nosa programación a través do seguimento dos seguintes indicadores:

- Respectouse a distribución temporal dos contidos por avaliacións
- Aplicouse a metodoloxía didáctica programada.
- Tivéronse en conta os coñecementos e aprendizaxes básicos necesarios para aprobar a materia.
- Aplicáronse os procedementos de avaliación programados e axustáronse aos criterios de cualificación.
- Leváronse a cabo as actividades de recuperación de materias pendentes de cursos anteriores.
- Puxéronse en practica medidas para estimular o interese e o habito da lectura e a capacidade de expresarse correctamente.
- Utilizáronse os materiais e recursos didácticos programados.
- Realizáronse as actividades complementarias e extraescolares programadas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tras detallar o procedemento de avaliación do proceso do ensino e a practica docente por medio duns indicadores de logro, calquera modificación da programación será recollida nas actas de departamento, comunicadas ao alumnado en tempo e forma e recollidas na memoria final. Ao final do curso o profesorado completará un formulario por cada grupo de alumnos aos que impartiu docencia no que se recollerán os seguintes aspectos:

- Os contidos traballados e, no seu caso os motivos polos que algúns deles non se completaron.
- Os obxectivos acadados.
- As porcentaxes de alumnos que superan a materia.
- As actividades complementarias e extraescolares realizadas e a súa valoración.
- Os acordos tomados.

Toda esta información e os resultados obtidos será recollida nunha Memoria que servirá de base para a programación do seguinte curso.

A avaliación do proceso de ensino terá un carácter formativo, orientado a facilitar a toma de decisións para introducir as modificacións oportunas que nos permitan a mellora do proceso de maneira continua.

Con iso pretendemos unha avaliación que contribúa a garantir a calidade e eficacia do proceso educativo. Todos estes logros e dificultades atopados serán recollidos na Memoria Final de curso, xunto coas correspondentes Propostas de Mellora para que cada curso escolar, a practica docente aumente o seu nivel de calidade.

9. Outros apartados